

Praza número: 25/3016

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Telemática

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña , ás 11:30 horas do 24 de xullo de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Bellas Permuy, Fernando.

Secretaría: Álvarez Díaz, Manuel.

Vogal 1º: Suárez Sarmiento, Álvaro.

Vogal 2º: Cano Baños, María Dolores.

Vogal 3º: Macías López, Elsa María.

Rep. Trab. (s/voto): Castro Martínez, Alfonso.

En A Coruña , a 24 de xullo do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/3016

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Telemática

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coeficiente multiplicador de 0,5 se non se trata dunha editorial internacional de recoñecido prestixio.
- Coeficiente multiplicador de 0,25 se o número de autores é maior que 4 ou o candidato non é o primeiro autor.
- Coeficiente multiplicador de 0,1 se o contido da publicación non garda relación estreita coa docencia impartida pola Área de Enxeñaría Telemática da Universidade da Coruña.
- Os coeficientes son acumulativos (multiplicaranse os aplicables).

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Valorarase cada mérito en función da relevancia do proxecto docente ou do grupo de innovación docente con respecto á docencia impartida pola Área de Enxeñaría Telemática da Universidade da Coruña.

Praza número: 25/3016

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Telemática

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- 1 punto por cada 3 meses de estadía se garda relación estreita coa docencia impartida pola Área de Enxeñaría Telemática da Universidade da Coruña. Se a estadía é inferior a 3 meses, a parte proporcional.
- 0,5 puntos por cada 3 meses de estadía se non garda relación estreita coa docencia impartida pola Área de Enxeñaría Telemática da Universidade da Coruña. Se a estadía é inferior a 3 meses, a parte proporcional.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- 1 punto por cada mes se garda relación estreita coa docencia impartida pola Área de Enxeñaría Telemática da Universidade da Coruña. Se a estadía é inferior a 1 mes, a parte proporcional.
- 0,5 puntos por cada mes se non garda relación estreita coa docencia impartida pola Área de Enxeñaría Telemática da Universidade da Coruña. Se a estadía é inferior a 1 mes, a parte proporcional.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coeficiente multiplicador de 1 se é un premio/recoñecemento internacional.
- Coeficiente multiplicador de 0,75 se é un premio/recoñecemento nacional.
- Coeficiente multiplicador de 0,5 se é un premio/recoñecemento da propia universidade.
- Coeficiente multiplicador de 0,1 se a docencia do mérito non garda relación estreita coa docencia impartida pola Área de Enxeñaría Telemática da Universidade da Coruña.
- Os coeficientes son acumulativos (multiplicáranse os aplicables).

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coeficiente multiplicador en base ó cuartel no que se atope indexada a revista:
 - 1 no primeiro.
 - 0,5 no segundo.
 - 0,25 no terceiro e cuarto.

Praza número: 25/3016

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Telemática

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

- Coeficiente multiplicador de 0,25 se o número de autores é maior que 4 ou o candidato non é o primeiro autor.
- Os coeficientes son acumulativos (multiplicaranse os aplicables), coa restrición de que o resultado final non poderá ser inferior a 0,25.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coeficiente multiplicador de 0,5 se non se trata dunha editorial internacional de recoñecido prestixio.
- Coeficiente multiplicador de 0,25 se o número de autores é maior que 4 ou o candidato non é o primeiro autor.
- Os coeficientes son acumulativos (multiplicaranse os aplicables), coa restrición de que o resultado final non poderá ser inferior a 0,25.

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coeficiente multiplicador en base á clasificación do congreso no índice CORE do ano máis próximo ó da publicación:
 - 1 se está na categoría A ou A+.
 - 0,5 se está na categoría B.
 - 0,25 noutro caso.
- Coeficiente multiplicador de 0,25 se o número de autores é maior que 4 ou o candidato non é o primeiro autor.
- Os coeficientes son acumulativos (multiplicaranse os aplicables), coa restrición de que o resultado final non poderá ser inferior a 0,25.

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coeficiente multiplicador de 0,5 se o número de autores é maior que 4 ou é unha reunión nacional.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Cada mérito valorarase en función da súa relación coas liñas de investigación e docentes da Área de Enxeñaría Telemática da Universidade da Coruña.

Praza número: 25/3016

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Telemática

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

En A Coruña , a 24 de xullo do 2025

A presidencia da comisión